



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DESTE CONCELLO O DÍA 25 DE ABRIL DE 2011

NÚM.04/2011

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p>ALCALDE-PRESIDENTE D. José María García Rivera.</p> <p>CONCELLEIROS D^a. Rosa Alonso Rodríguez D^a Ana A. Incera Ares D. Pedro M. Fernández Marful D. Ramón Sixto Legaspi</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga</p> <p>SECRETARIA D. M^a Carmen Seoane Bouzas.</p>	<p>Na Alcaldía da Casa Consistorial de Foz, sendo as 19.30 horas do día vintecinco de abril de 2011, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos da Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
--	---

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 31-03-2011.-

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes da Xunta de Goberno Local se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o día 31 de marzo de 2011.

Non producíndose mais observacións, queda aprobada por unanimidade a acta da devandita sesión, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.-COMUNICACIÓN DAS AVOCACIÓNS REALIZADAS.-



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Pola Presidencia dáse conta das avocacións realizadas das competencias delegadas en Xunta de Goberno Local por Resolución de Alcaldía de data 18 de xuño de 2007:

- Avocación de competencias de data 14 de abril de 2011 para a resolución da tramitación da concesión de licenza a D^a. Asunción Zurrón Blanco, D^a. Josefa García López, D^a. María Jesús Rodríguez Pérez e D^a. Dolores García Castro.

3.-LICENZA PROVISIONAL PARA CAFÉ-BAR-RESTAURANTE. TRAVESÍA DE COLÓN, 6.-

Visto o escrito presentado por **D. RUBÉN RODRÍGUEZ DOCAMPO**, con enderezo en Rúa Colexio do Pilara nº 16-1º B de Foz, no que solicita licenza municipal de apertura para a actividade de **CAFÉ-BAR-RESTAURANTE**, a ubicar en Travesía de Colón nº 6 de Foz.

Visto o informe dos Servizos Técnicos Municipais, en sentido favorable, tal como consta no expediente de data 04 de abril de 2011.

Visto o informe xurídico da Secretaría Municipal, en sentido favorable, tal como consta no expediente de data 11 de abril de 2011.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, sen perxuício de terceiros e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade, e coas condicións que figuran no expediente, por unanimidade, **ACORDA:**

CONCEDER licenza municipal provisional de instalación para ACTIVIDADE DE CAFÉ- BAR- RESTAURANTE, a ubicar en Travesía de Colón nº 6 de Foz, a favor de D. RUBÉN RODRÍGUEZ DOCAMPO, non podendo exercela actividade mentres non obteña a licenza definitiva, a cal deberá solicitar neste Concello, achegando con ela, certificado técnico do director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza e previo pago dos dereitos e taxas municipais correspondentes.

4.-LICENZA OBRA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA CAFÉ-BAR-RESTAURANTE. TRAVESÍA DE COLÓN, 6.-

Dada conta do expediente de licenza de obras tramitado a instancia de **D. RUBÉN RODRÍGUEZ DOCAMPO**, con enderezo en Rúa Colexio do Pilar nº 16-1º B-Foz (Lugo), para *acondicionamento de local para Café-Bar-Restaurante en Travesía Colón, 6-Foz* , segundo proxecto



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

redactado polo Arquitecto Técnico D. Gonzalo Río Veiga.

Visto o informe do Aparellador Municipal de data 04 de abril de 2011, obrante no expediente.

Visto o informe de Secretaria de data 11 de abril de 2011, obrante no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, sen perxucio de terceiros e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade, e coas condicións que figuran no expediente, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder licenza de obras a **D. RUBÉN RODRÍGUEZ DOCAMPO**, con enderezo en Rúa Colexio do Pilar nº 16-1º B-Foz (Lugo), para **acondicionamento de local para Café-Bar-Restaurante**, a ubicar en Travesía de Colón nº 6-Foz, segundo proxecto redactado polo Arquitecto Técnico D. Gonzalo Río Veiga.

Prazo de execución: Inicio: 1 mes e Remate: 6 meses, a partires da recepción deste acordo.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao Departamento Municipal de Urbanismo para o seu control e seguimento.

5.-LICENZA OBRA PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. PROXECTO BÁSICO. CAMIÑO REAL, CANGAS-FOZ.-

Dada conta do expediente de licenza de obras tramitado a instancia de **D. JOAQUIN ALEJOS FERNÁNDEZ**, con enderezo en Alemparte nº 9, Cangas de Foz (Lugo), para *construcción de vivenda unifamiliar*, a ubicar en Camiño Real, s/n-Cangas-Foz , segundo proxecto redactado polo Arquitecto Dª. Elia Mª Ruiz Sánchez.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 08 de abril de 2011, obrante no expediente.

Visto o informe de Secretaria de data 19 de abril de 2011, obrante no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Réxime Local, sen perxuício de terceiros e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade, e coas condicións que figuran no expediente, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder licenza de obras a **D. JOAQUIN ALEJOS FERNANDEZ**, con enderezo en Alemparte nº 9-Cangas-Foz en (Lugo), para **construcción de vivienda unifamiliar**, a ubicar no lugar de Camiño Real, s/n-Cangas-Foz, segundo proxecto redactado polo Arquitecto D^a. Elia M^a Ruiz Sánchez, debendo presentar, previo ao inicio das obras, proxecto de execución que desenrole proxecto básico, o cal deberá ser informado e aprobado polo órgano competente para a concesión da licenza.

Prazo de execución: Inicio: 1 mes e Remate: 3 anos, a partires da recepción deste acordo.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao Departamento Municipal de Urbanismo para o seu control e seguimento.

6.-LICENZA OBRA PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. CARRETERA VILARMEA, 6, MAÑENTE, VILLARONTE, FOZ.-

Dada conta do expediente de licenza de obras tramitado a instancia de **D^a. VANESA GIL FERREIRO**, con enderezo en Mañente nº 15-Villaronte-Foz (Lugo), para **construcción de vivienda unifamiliar**, a ubicar en Carretera Vilarmea, 6-Mañente-Villaronte-Foz , segundo proxecto redactado polo Arquitecto D^a. Beatriz López Marcos.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 11 de abril de 2011, obrante no expediente.

Visto o informe de Secretaría de data 19 de abril de 2011, obrante no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, sen perxuício de terceiros e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade, e coas condicións que figuran no expediente, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder licenza de obras a **D^a. VANESA GIL FERREIRO**, con enderezo en Mañente nº 15-Villaronte-Foz (Lugo), para **construcción de vivienda unifamiliar**, a ubicar no lugar de Carretera Vilarmea nº 6-Mañente-Villaronte -Foz, segundo proxecto redactado polo Arquitecto D^a. Beatriz López Marcos.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Prazo de execución: Inicio: 1 mes e Remate: 3 anos, a partires da recepción deste acordo.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao Departamento Municipal de Urbanismo para o seu control e seguimento.

7.-APROBACIÓN FACTURAS CORRESPONDENTES A GASTOS DE MÁIS DE 6.000 EUROS.-

Pola Presidencia dáse conta das facturas correspondentes a gastos de máis de 6.000 euros que obran no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución dictada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das bases do Réxime Local, por unanimidade, A C O R D A:

Aprobar as seguintes facturas que se relacionan:

Código Relación: 15 **Descripción:** FACTURAS XUNTA GOBERNO LOCAL 25/04/2011

Reg	Fec. Reg.	Nº Factura	Fec. Fac.	Dni/Cif	Razón Social	Área	Importe	I.V.A	Dctos.	VB
27 0	11/03/2 011	2011/12	28/02/20 11	A78139 755	GESTION Y TECNICAS DEL AGUA - GESTAGUA-		1 6	34.071 ,65	0,00	0,00
Concepto: GESTAGUA, FEBRERO 2011. PRESTACION SERVICIO DE DEP URACION						Operaci ón : ADO	Imp. Líquido: 34.071,65			
Domiciliación bancaria : BANESTO 0030 1542 51 0000558271										
Partidas Presupuetarias										
			161	22718	XESTION DO SERVICIO DEPURACION AUGAS. GESTAGUA				34.071, 65	
40 6	04/04/2 011	2011/05	22/03/20 11	B27139 088	EXCAVACIO NES MATIAS, S.L.		1 5	8.566, 80	0,00	0,00
Concepto: EXCAVACIONES MATIAS, REPAR CAMINO REAL EN CANGAS, CAMIÑO LOUSADA Y LIMPIEZA CUNETAS EN NOIS						Operaci ón : ADO	Imp. Líquido: 8.566,80			
Domiciliación bancaria : CAJA AHORROS Y PENSIONES DE BA JUAN S. E 2100 2460 86 0200015703										
Partidas Presupuetarias										
			155	210	INFRAESTRUCTURAS Y BIENES NATURALES				8.566,8 0	



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

82	08/04/2	11/1/00	31/03/20	B27333	SERVICIOS SOCIAIS	2	19.298	0,00	0,00
6	011	040	11	160	SAN ROQUE, S.L.	3	,10		
Concepto: SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUEZ, MARZO 2011. SERVICIO AYUDA EN EL HOGAR. DEPENDIENTES VALORADOS					Operación: ADO	Imp. Líquido: 19.298,10			
Domiciliación bancaria: BANCO POPULAR ESPAÑOL 0075 8926 20 0600210211									
Partidas Presupuetarias									
				233	22722	CONTRATO XESTIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR			19.298,10
83	11/04/2	21	31/03/20	A78139	GESTION Y TECNICAS DEL AGUA - GESTAGUA-	1	34.071	0,00	0,00
8	011		11	755		6	,65		
Concepto: GESTAGUA, MARZO 2011. PRESTACION SERVICIO DE DEPURACION					Operación: ADO	Imp. Líquido: 34.071,65			
Domiciliación bancaria: BANESTO 0030 1542 51 0000558271									
Partidas Presupuetarias									
				161	22718	XESTION DO SERVICIO DEPURACION AUGAS. GESTAGUA			34.071,65
86	08/04/2	2011/07	31/03/20	A15379	SOGAMA,S. A.	1	17.379	0,00	0,00
5	011	89	11	803		6	,98		
Concepto: SOGAMA, MARZO 2011. TRATAMIENTO DE 303,29 TM. RESI DUOS SOLIDOS URBANOS					Operación: ADO	Imp. Líquido: 17.379,98			
Domiciliación bancaria: CAIXA GALICIA 2091 0388 96 3040000495									
Partidas Presupuetarias									
				162	22712	DEPOISITO BASURA EN PLANTA TRATAMIENTO SOGAMA			17.379,98
87	13/04/2	03/11	05/04/20	B70207	IBERCAT INGENIERIA S.L.	9	13.995	0,00	0,00
6	011		11	824		3	,98		
Concepto: IBERCAT INGENIERIA, 409 UDS. EXPDTE. 902 I.B.I. N ATUR.URBANA GESTIONADOS EN EL CATASTRO					Operación: ADO	Imp. Líquido: 13.995,98			
Domiciliación bancaria:									
Partidas Presupuetarias									
				935	22799	OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PRO			13.995,98
Total		Imp. Presupuesto:		I.V.A:		Dctos:		Imp. Líquido:	
Relación...		127.384,16		0,00		0,00		127.384,16	



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

8.-APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DE PAGOS A XUSTIFICAR SOLICITADOS POR ALCALDÍA.-

Dáse traslado da conta xustificativa presentada polo Alcalde da Corporación con relación a unha Orde de pagamento a xustificar por un importe de 12.000,00 euros para gastos derivados da organización do ENTROIDO 2011.

Visto o expediente tramitado e en función do establecido no artigo 190 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Base 24 das de Execución do Orzamento Xeral prorrogado do Concello de Foz para o exercicio 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO. – Aprobar a conta xustificativa da Orde de pagamento a xustificar por un importe de 9.993,60 euros emitida a favor de Don José María García Rivera, Alcalde- Presidente do Concello de Foz, con destino ao aboamento de gastos derivados da organización do ENTROIDO 2011, consistente nas seguintes facturas e documentos xustificativos que se recollen no expediente:

1. Factura nº 1, de data 11/03/2011 emitida por PESCADOS PERONA BURELA SL sen que conste o CIF na factura, por importe de 324,00 euros, relativa a “ARTIGOS DECORACIÓN, ARTIGOS DECORACIÓN, SOMBREROS” .
2. Factura con número 11 e data 11/03/2011 expedida por PRODUCCIONES ZONA CHAN SL con NIF B27703297 por un importe de 2.242,00 euros en concepto de “ACTUACIÓN ORQUESTA ISMAEL”.
3. Factura con número 22 e data 10/03/2011 expedida por PABLO CID GÓMEZ con NIF 77.593.518 M por un importe de 672,60 euros en concepto de “LONAS OPACAS XXX ANIVERSARIO ENTROIDO DE FOZ DE 4X1 MTS. E REVISTAS COPLAS ENTROIDO 11, FOZ”.
4. Relacións de premiados do CONCURSO DE COPLAS e DESFILES do Entroido 2011, que totalizan 6.750,00 euros, onde figura a categoría dos premios, nome dos grupos, identificación do perceptor, importe do premio e sinatura do recibín por parte dos premiados.

SEGUNDO. – Dar por cumprida a obriga marcada para os perceptores destas ordes de pagamento de xustificar a aplicación das cantidades percibidas no prazo máximo de tres meses dende a percepción dos correspondentes fondos.

TERCEIRO.- Comuníquese o presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

9.-CONCESIÓN DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS PREVISTAS NO ORZAMENTO PRORROGADO DO ANO 2011.-

Dáse conta da proposta de Alcaldía de data 18 de abril de 2011.

En función do establecido a Base 48 das de Execución do Orzamento Xeral prorrogado para o exercicio 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO. – Aprobar a concesión das seguintes subvencións e axudas aos beneficiarios, coas finalidades e polos importes que se recollen na táboa seguinte:

DENOMINACIÓN DO PERCEPTOR	ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	CLASIFIC. FUNCIONAL	CLASIFIC. ECONÓMICA	CONTÍA €
Protección Civil de Foz	Gastos funcionamento	134	489	3.200,00
ALCER Lugo	Gastos de funcionamento	231	489	350,00
BANDA DE MÚSICA DE FOZ	Gastos contratación director banda	334	489	7.200,00
Clube Deportivo Foz	Gastos funcionamento	341	489	12.000,00
Celtas de Foz	Gastos funcionamento	341	489	11.000,00
Clube Kayak	Gastos funcionamento	341	489	5.000,00
Asociación Deportiva Santiago de Foz	Gastos funcionamento	341	489	2.000,00
Clube Náutico de Foz	Organización de regatas	341	489	2.000,00
Clube Ciclista de Foz	Gastos funcionamento	341	489	800,00
A Pomba do Arco	Gastos funcionamento	341	489	600,00
Protección Civil de Foz	Convenio Anual Verán	432	489	12.000,00
Clube Kayak Foz	Organización Regata Piragüismo	432	489	7.212,00
Bispado Mondoñedo-Ferrol	Convenio guía información Basílica San Martiño	432	489	3.000,00

SEGUNDO. – Facultar ao Alcalde-Presidente da Corporación en representación do Concello de Foz para a sinatura dos convenios a subscribir cos beneficiarios nos que se recollerán as obrigas das partes, de acordo co disposto no artigo 28 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

TERCEIRO.- Establecer as obrigas de xustificación das presentes axudas de acordo co disposto na Base 45 das de execución do Orzamento Xeral prorrogado para o exercicio 2011:

“O cumprimento das finalidades que motivaron o outorgamento das subvencións, xustificárase achegando a correspondente documentación que acredite a realización do obxecto da subvención.

A xustificación da subvención deberá presentarse, en todo caso, antes da finalización do exercicio orzamentario correspondente. A documentación a presentar será a seguinte:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- 1) *Unha Memoria da actividade ou actividades realizadas, ou no seu caso, un exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á mesma, debendo anunciarse na mesma a colaboración municipal. Asemade, nos supostos de concesión ou outorgamento de premios en actividades subvencionadas polo Concello, deberá reservarse un posto nos correspondentes tribunais o xurado decisivos a un representante do Concello. Sen prexuízo do exposto, o Concello pode sinalar outras condicións particulares en función da natureza ou finalidade da subvención.*
- 2) *Unha declaración de conxunto de tódalas axudas percibidas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, ou da non percepción destas.*
- 3) *O xustificante de estar ó corrente do pago das obrigas tributarias e fiscais, coa Seguridade Social, e coa Facenda municipal.*
- 4) *Un Estado de Gastos e Ingresos da actividade realizada.*
- 5) *Orixinais ou copias cotexadas das facturas e recibos de pago, que deberán reuni-los seguintes requisitos:*
 - *O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura*
 - *Expresar con detalle os bens e servizos adquiridos*
 - *Debe figurar claramente o nome ou razón social e NIF da empresa que emite a factura e do destinatario*
 - *Se se trata de tickets de caixa rexistradora deben facerse constar o número, o NIF do expendedor e o importe total como mínimo, así como os requisitos de identificación do destinatario, que será o beneficiario da subvención.”*

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos beneficiarios da subvención, citándoos para a subscripción dos oportunos convenios co Concello de Foz, así como a Intervención e a Tesourería. Para facilitar o cumprimento da obriga de xustificación por parte dos beneficiarios das subvencións, axuntarase xunto coa notificación do acordo un modelo de documentación xustificativa a presentar.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 20 horas e 25 minutos do día 25 de abril de 2011, do que como secretaria dou fe e certifico.-

Vº Bº
O Alcalde,

José María García Rivera.